

## NOTA DE PRENSA

# O psicólogo José Cardama, Premio Reina Sofía polo seu traballo na atención temperá, revisa a situación profesional do sector nunha xornada no COPG

---

*Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2014.*- O psicólogo vigués José Cardama, Premio Reina Sofía de Integración e Rehabilitación neste ano polo seu traballo na atención temperá de trastornos infantís, vai impartir mañá xoves unha xornada co título “A atención temperá en Galicia: a situación actual”. Neste encontro que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, analizará a figura do/a profesional na atención temperá e a súa situación laboral na actualidade.

José Cardama é director do Gabinete de Psicoloxía Arca en Vigo e foi recoñecido este ano co importante Premio Reina Sofía polas súas achegas á atención temperá desde hai máis de trinta anos. O galardón foi compartido co GAT (Grupo de Atención Temprana), que tamén integra o centro vigués, e a ODAT (Organización Diagnóstica de Atención Temprana), un manual que reúne nunha clasificación única as distintas metodoloxías sobre trastornos infantís a nivel de diagnóstico e de traballo, o que facilita en gran medida o labor dos e das profesionais.

Na xornada do xoves 12 que se celebrará no Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, presentará o Premio, pero tamén dedicará unha boa parte a explicar as novidades en materia de lexislación que se aprobaron en decembro de 2013. Trátase do decreto polo que se crea a “Rede Galega de Atención Temperá”, e explicará a situación do/a psicólogo/a en relación a esta rede, as novidades que afectan directamente ao colectivo, vantaxes, inconvenientes e posibilidades de traballo. Outro punto a tratar será o equipo de atención temperá na escola infantil, no que Cardama presentará o programa de prevención que están realizando con centros escolares, avaliará o programa de seguimento do desenvolvemento nos centros de 0 a 3 anos, funcións, resultados, estatísticas, así como a busca de solucións en familia, na escola e na contorna.

A atención temperá é o conxunto de intervencións que se dirixen a nenos e nenas de ata 6 anos de idade, á súa familia e á súa contorna, que buscan dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os/as máis pequenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de poder padecerlos.

### **Saúdos,**

Se desexan solicitar **entrevistas** para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Raquel Miranda / 634 599 932  
Eliana Martíns / 686 994 089  
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)